

INSTRUCCIÓN Nº 1/2020 RELATIVA ÁS DATAS E EFECTOS NO CESE DA SUSPENSIÓN DOS PRAZOS ADMINISTRATIVOS DOS EXPEDIENTES QUE SE TRAMITAN NA XERENCIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DERIVADOS DO ESTADO DE ALARMA

INTRODUCCIÓN

A crise de saúde pública consecuencia da pandemia desatada polo Coronavirus, levou ó Goberno de España a declarar na data 14 de marzo de 2020 o estado de alarma previsto no art. 116 da Constitución mediante o Real Decreto 463/2020.

Entre as medidas adoptadas neste Real Decreto atópase a suspensión dos prazos administrativos, así coma dos prazos de prescrición e caducidade das accións e dereitos durante a vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que puideran adoptarse.

No referido ós prazos administrativos sinalados na Disposición Adicional Terceira do dito Real Decreto, a súa redacción modificouse mediante o Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, variando o literal do apartado 4 da dita Disposición adicional Terceira e engadindo dous novos apartados, o 5 e o 6.

O Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, que prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con vixencia dende o mesmo día da súa publicación, inclúe nos seus artigos 9 e 10, o inminente levantamento da paralización dos prazos administrativos (art. 9), e dos prazos de prescrición e caducidade de dereitos e accións (art. 10).

“Artículo 9. Plazos administrativos suspendidos en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

“Artículo 10. Plazos de prescripción y caducidad de derechos y acciones suspendidos en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Con efectos desde el 4 de junio de 2020, se alzaré la suspensión de los plazos de prescripción y caducidad de derechos y acciones”.

Respecto os prazos administrativos, o art. 9 declara que “se reanudará” ou “se reiniciará” o seu cómputo, polo que ten en conta os dous tipos de paralización de prazos administrativos provocada polo estado de alarma e que son:

- A suspensión xeral de termos, prazos e procedementos administrativos da Disposición adicional terceira do RD 463/2020.
- A interrupción dos prazos de recurso e medios de impugnación alternativos contra os actos recurribles ditados dentro de calquera procedemento do que puideran derivarse efectos desfavorables ou de gravámen para o interesado segundo a Disposición adicional Oitava.1 do RD-Lei 11/2020, do 31 de marzo (DA8.1); xa que reúne as condicións de ser unha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia dunha das prórrogas do estado de alarma.

A Disposición Adicional 8.1 do Real Decreto Lei 11/2020 determinou que o prazo para recurrir *"se computará desde el día hábil siguiente a la fecha de finalización de la declaración del estado de alarma"*; sen embargo o estado de alarma como tal no finalizou aínda, tal e coma sinala o art. 2 del RD 537/2020 prorrogándose, coma mínimo, hasta as 00.00 horas do día 7 de xuño.

O art. 9 do RD 537/2020 pola súa parte dispón que *"con efectos desde el 1 de junio de 2020,el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se...reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas"*.

Coa finalidade de fixar criterios xerais de interpretación, e ante as dúbidas que puideran xurdir en canto os prazos para os casos indicados na D.A.8.1 do RDL 11/2020,(si aplicar o 1 de xuño do artigo 9 do RD 537/2020 ou o 8 de xuño que é o último día do estado de alarma hasta agora acordado), e os diferentes supostos sometidos legalmente a distintos prazos, segundo os principios interpretativos establecidos no art. 3.1 do Título Preliminar do Código Civil de aplicación xeral no noso ordenamento xurídico, e nos artigos 3 e 4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en garantía dos dereitos dos cidadáns, da igualdade no seu trato ante a administración e en cumprimento dos principios de eficacia, coordinación e legalidade esixidos polo art. 103 da Constitución Española na actuación administrativa e o artigo 129 e concordantes de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; fórmulase, en exercizo das competencias que otorga a esta Xerencia o artículo 12 .1.e) e concordantes dos Estatutos da mesma, a presente

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO.- O cómputo dos prazos administrativos que foron suspendidos pola Disposición Adicional Terceira del Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19, publicado en el BOE de 18 de marzo pasado, reanudarase con efectos dende o vindeiro 1 de xuño de 2020.

SEGUNDO.- Os recursos administrativos, a revisión de oficio dos actos nulos, a declaración de lesividade dos actos anulables e a revogación dos actos desfavorables, son parte do procedemento administrativo, e teñen a finalidade común de eliminar do ordenamento xurídico un determinado acto administrativo. Por elo, resulta de aplicación a estes procedementos a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 e non a disposición adicional cuarta en materia de suspensión de prazos de caducidade e prescrición, polo que o cómputo dos mesmos comenzará ou reanudará a 1 de xuño de 2020.

TERCERO.- Con efectos dende o 4 de xuño de 2020, alzarase a suspensión dos prazos de prescrición e caducidade de dereitos e accións conforme determina a Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto 463/2020.

CUARTO.- O cómputo dos prazos realizarase de conformidade co art 30 Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo por horas:

O art. 30.1 da lei 39/15 establece, salvo disposición expresa en contrario, que o cómputo das horas serán hábiles, considerándose coma tales, tódalas horas dun día hábil.

Plazo por días:

O art. 30.2 de la Lei 39/15 engade que salvo que por Lei o Dereito da Unión Europea dispóngase outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, entenderase que éstos son hábiles, excluíndose sábados, domingos e os declarados festivos.

Si pola contra, os prazos sinaláronse por días naturais por declaralo así unha lei ou por Dereito da Unión Europea, farase constar esa circunstancia nas correspondentes notificacións.

Así mesmo, segundo o art. 30.5 do mesmo texto legal, cando o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

Plazo de meses ou anos

No prazo por meses ou anos, o cómputo dos días que restan dende o levantamento da suspensión, farase por días naturais. O cómputo destes días naturais continuará o luns 1 de xuño que é o día establecido no art. 9 del RD 537/2020 para a reanudación dos prazos.

En canto ó cómputo de prazos respecto das resolucións ditadas antes da paralización e que notificáronse nos días nos que estivera vixente a suspensión, considerarase que o primeiro día do prazo é o inmediatamente hábil posterior.

QUINTO.- Con data 1 de xuño do presente, reanudaranse, -para o caso de que o cómputo iniciárase con anterioridade á declaración do estado de alarma-, ou comezarán a computar, -para aqueles casos nos que legalmente non se iniciaran por ser ditados os actos administrativos dos que traen causa unha vez declarado o estado de alarma-, os prazos de tramitación dos expedientes, dos requirimentos efectuados na tramitación dos mesmos, dos inicios de obras, das execucións das mesmas, así como os de interposición de recursos ordinarios e extraordinarios previstos na lei contra todos os actos firmes ditados durante a vixencia da suspensión decretada co estado de alarma.

En Vigo a 30 de maio de 2020.

O XERENTE

Carlos Hernández Figueruelo